



CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA E O CONSORCIO PARA O DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS PARA A XESTIÓN UNIVERSITARIA (CIXUG) PARA A REALIZACIÓN DO CURSO DE POSGRAO E DO CURSO PONTE DE ESPECIALIZACIÓN EN ORIENTACIÓN LABORAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director Xeral de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria, **DECLARA:**

Que os orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para 2017 recóllen nas súas previsións de gastos unha subvención nominativa coa finalidade de establecer un convenio coas universidades galegas por importe de 140.000 euros na aplicación orzamentaria 09.41.322A.444.1 (Cod.Prox 2015 524) co obxecto da realización das accións que mais adiante se detallan.

Que esta Consellería de Economía, Emprego e Industria ten previsto formalizar co Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións para a Xestión Universitaria(CIXUG) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a súa formalización ata o 31/12/2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e o CIXUG, para celebrar e impartir o Curso de Posgrao de Especialización en Orientación Laboral a desenvolver polo CIXUG no ano 2017, como titulación propia das universidades galegas, así como impartir durante o citado ano un Curso Ponte de Especialización en Orientación Laboral para posibilitar a obtención da titulación de Especialista en Orientación Laboral.





Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

De conformidade co establecido nos artigos 19.4.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 36.a) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, para establecer as condicións e compromisos aplicables a esta subvención, é preciso instrumentar a mesma a través dun Convenio específico de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a entidade o Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións para a Xestión Universitaria (CIXUG), entidade sen ánimo de lucro e personalidade xurídica propia que está participado polas tres universidades galegas, á que se encomenda a execución das accións obxecto desta subvención.

Que a Consellería de Economía, Emprego e Industria incluíu no Plan Anual de Política de Emprego (PAPE) para o ano 2017, dentro do Eixo 1 *ORIENTACIÓN*, un Programa Propio que inclúe a realización do Curso de Posgrao de Especialización en Orientación Laboral, como titulación propia das tres universidades galegas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria.

O director xeral de Orientación e Promoción Laboral

José Alfonso Marnotes González

